



ÍNDICE DA UNIDADE:

[Titulo da unidade:](#)

[Descarga do programa QGIS](#)

[Acceso directo a QGIS](#)

❑ **Titulo da unidade:**

TEMA 3: DESCARGA, INSTALACIÓN E CONFIGURACIÓN DE QGIS.

❑ **Descarga do programa QGIS**

En primeiro lugar, é preciso descargar a última versión do programa, esto pódese facer a través da páxina oficial de QGIS:

<http://www.qgis.org/>

Dentro da páxina de QGIS prememos o botón “Download Now”.



Create, edit, visualise, analyse and publish geospatial information on Windows,


For your desktop, server, in your web browser and as di




Seleccionamos o instalador, 32 bit ou 64 bit, dependendo do noso sistema operativo, para windows 10 seleccionaremos a versión de 64 bits.



Aparecerá na barra de iconas de windows, indicando que se está a realizar a descarga do programa.



Unha vez descargado o programa, premeremos en “Aceptar” para poder iniciar a súa instalación no disco duro do noso ordenador.




...arranca o asistente da instalación de QGIS.


Na primeira pantalla que aparece, preséntasenos o programa, premeremos en “Siguiete”.




Antes de instalar o software, deberemos aceptar os termos da licenza do programa, así que prememos o botón “Acepto”.




No seguinte paso, debemos escoller o directorio no que desexamos que QGIS sexa instalado, podemos establecer o recomendado por defecto, é o máis recomendable.




Agora, o asistente da instalación indicanos que seleccionemos aqueles compoñentes que desexamos instalar. Deixaremos a selección tal e como aparece na pantalla e prememos en “Instalar”.



Comenzará o proceso de instalación...



Unha vez finalizado o proceso de instalación, ofrécesenos a opción de reiniciar o PC no momento ou de facelo posteriormente.



É recomendable reiniciar o PC nese momento para que a instalación se complete con éxito. Selecciona e preme sobre “Terminar”

❑ Acceso directo a QGIS

Unha vez instalado QGIS, aparecen no escritorio varias iconas do programa. Seleccionaremos aquela onde aparece ao pé da icona “QGIS Desktop” e poderemos eliminar aquelas outras que aparecen na pantalla para non crear confusión á hora de abrir o programa.

